



"Cántiga"

No xardín unha noite sentada⁽¹⁾
 ó reflexo do branco luar,
 unha nena choraba sin trégoas
 os desdéns dun ingrato galán.
 E a coitada entre queixas dicía:
 "Xa no mundo non teño ninguén,
 vou morrer e non ven os meus ollos
 os ollos do meu dóce ben."

Os seus ecos de melancolía
 camiñaban nas alas do vento,
 e o lamento
 repetía:
 "vou morrer e non vén o meu ben."

Lonxe dela, de pé sobre a popa
 dun alevé negreiro vapor,
 emigrado, camiño de América
 vai o pobre infelís amador.
 E ó mirar as xentís andoriñas
 cara á terra que deixa cruzar,
 "¡Quén puidera dar volta -pensaba-
 quén puidera convosco voar!..."

Mais as aves e o buque fuxían
 sin oír seus amargos lamentos;
 só os ventos
 repetían:

"quén puidera convosco voar!"

Noites claras de aromas e lúa,
 desde entón que tristeza en vos hai
 prós que viron chorar unha nena,
 prós que viron un barco marchar...

Dun amor celestial, verdadeiro,
 quedou só de bágoas a proba,
 unha cova
 nun outeiro
 e un cadáver no fondo do mar.



A Virxe do cristal

IV

(...)

Entonces, unha Señora
toda de luz rodeada,
de estrelliñas coroadas
que como diamantes son,
cun mantelo na cabeza
de pano negro moi lindo,
caladamente, sorrindo,
entrou pola habitación.

Nunca se viu neste mundo
mais feiticeira criatura
Nin pra tan gran hermosura
comparación pode haber;
por ollos ten dous luceiros,
por dentes perlas dos mares,
por greñas raios solares,
por risa... un amanecer

Das orellas pendurados
leva uns aretes de lume,
e por galego costume,
dengue de pano sedán;
zoquiños de pau de almendro
nos pés de feitura anana,
e ó cinto unha muradana
con plegues que xenio dan.

Pasiño a paso, chegouse
á cama en que dorme Rosa,
e botándolle graciosa
unha mirada de amor,
dixolle cun tono brando
que música parecía:
"Rosiña, a Virxe Maria
tráeches consolo e favor.

A Rosalía (no seu enterro)

Do mar pola orella
mireina pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.

E vira tan soa
na noite sen fin,
¡que inda recei pola pobre da tola
eu, que non teño quen rece por min!

A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos
comesta se veu...

Os ósos son dela
que vades gardar.
¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

O maio

Aí vén o maio
de flores cuberto...
Puxéronse á porta
cantándome os nenos;
e os puchos furados
pra min extendendo,
pedíronme crocas
dos meus castiñeiros.

puchos: gorros

crocas: castañas

Pasai, rapaciños,
calados e quedos;
que o que é polo de hoxe
que darvos non teño.
Eu sónvo-lo pobre
do pobo galego:
pra min non hai maio,
¡pra min sempre é inverno!

pasai: pasade

Cando eu me atopare
de donos liberto
e o pan non me quiten
trabucos e préstamos,
e como os do abade
florezan meus eidos,
chegado habrá estonces
a maio que eu quero.

trabucos: tributos,
tasas que cobra a facenda
polo disfrute de bens
meus: os meus
cast. por *terá entón* *chegado*

¿Queredes castañas
dos meus castiñeiros?...
Cantádeme un maio
sin bruxas nin demos;
un maio sin segas,
usuras nin preitos,
sin quintas, nin portas,
nin foros, nin cregos.

quintas: o que se pagaba
como tasa pra librar do
servicio militar

portas: cantidade que se
pagaba como tasa ó entrar
nunha poboación

foros: contratos polos que
unha persoa cede a outra o
disfrute dunha propiedade
mediante o pago dunha
cantidade anual.

CURROS ENRÍQUEZ,
Aires da miña terra.





Na chegada a Ourense da primeira locomotora

Velahí vén, velahí vén avantando
cómaros e corgas e vales e cerros. .
¡Vinde vela, mociños e mozas!
¡Saudádea, rapaces e vellos!

Por onde ela pasa
fecunda os terreos,
espértanse os homes,
florece os eidos.

Velahí vén, velahí vén, tan houpada,
tan milagrosiña, con paso tan meigo,
que parece unha Nosa Señora,
unha Nosa Señora de ferro.

Tras dela non veñen
abades nin cregos;
mais ben a fartura
¡e a luz! ¡e o progreso!

Catedral, demagogo de pedra,
dun pobo fanático erguida no medio,
repenica esas chocas campanas
en sinal de alegría e contento.

Asocia esas voces
ó son dos pandeiros,
¡As santas sorrisas
de terras e ceos!

E ti, río dos grandes destinos,
que os himnos ensaías dos triunfos ibéricos,
requeimadas as fauces de sede,
vén o monstro a beber no teu seo.

Bon samaritano,
dálle auga ó sedento;
que a máquina é o cristo
dos tempos modernos.